

PROXECTO ABALAR/EDIXGAL 2014-2017

NORMAS DE USO DOS RECURSOS TIC DAS AULAS ABALAR/EDIXGAL

PROTOCOLO A INCLUIR NO R.R.I.

Aprobado o proxecto de fomento das tecnoloxías da información e comunicación que solicitamos, a Consellería de Educación envía ao noso centro a dotación precisa para levar a cabo o proxecto en cada unha das dúas aulas do alumnado de 5º e 6º ao que vai dirixido:

- Unha pantalla dixital táctil Smart co seu lapis
- Un proxector ultracurto e o seu mando
- Un carro de carga con todo o material necesario para traballar na aula Abalar: un ordenador para o profesor, un ultraportátil para cada alumno e os cables de conexión
- Puntos wifi

Estes equipos pasan a formar parte dos recursos materiais do CEP Sequelo de Marín.. Son, pois, un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso pola participación do centro no proxecto ABALAR.

Deberase cumprir e respectar en todo momento esta normativa de uso, incorporada no RRI, tendo en conta que o non facelo carrexará, ademais da perda de privilexios de uso, calquera das sancións que se establecen no devandito RRI e mesmo sancións económica se chegase o caso.

O correcto emprego e axeitada conservación do novo material de aula é responsabilidade do grupo que ten asignado dita aula polo que, ademais das habituais normas de funcionamento do grupo, este material está suxeito a unha normativa propia e complementaria que pasamos a detallar:

NORMATIVA DE USO

1. Antes de coller o portátil dos carriños establecidos para gardalos os alumnos deixarán na súas mesas o material que o mestre considere oportuno para o adecuado desenvolvemento da clase e así evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.

O profesor entrega por orden alfabético os portátiles a cada alumno o ben o profesor designa a dous alumnos responsables para ir levando os portátiles a cada alumno.

2. Cada alumno/a irá ao armario por orde para evitar posibles caídas dos equipos

3. Sempre se collerá ó portátil **con dúas mans**, de xeito que ó levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.

4. Cada ordenador portátil ten **unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno** e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.

5. O alumno non **acenderá o portátil** ata recibir a **orde expresa do profesor**, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.

6. É responsabilidade do alumn@ o coidado do equipo asignado e o seu mantemento en bo estado, evitando golpes, humidades e temperaturas extremas.

7. Non se **colocarán obxectos de ningunha clase sobre** o portátil nin cando esté aberta nin cando esté pechada a tapa.

8. A pantalla é moi delicada. Non se debe tocar **nunca cos dedos**, só **co punteiro** do portátil.

9. Ante calquera **incidencia** no equipo o alumn@ debe **avisar ao mestre** que lle transmitirá a información ao Coordinador ABALAR
10. Cando **o profesor** teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación **baixaranse as tapas dos portátiles** sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
11. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
12. Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería.
13. Os alumnos devolverán o portátil ó lugar que lle corresponde no carriño, asegurándose de que queda conectado ó cargador. Irán por orde evitando aglomeracións..
14. Os equipos son **propiedade do centro**, polo que queda prohibida a instalación de calquera programa, aplicación ou ferramenta.
15. Dentro do contexto do Proxecto Edixgal, os Netbooks **poderán sacarse da aula** a aquelas outras onde o proxecto ten lugar; ou aos domicilios dos alumnos que forman parte do proxecto
16. Aqueles alumnos que desexen levar o netbook aos seus domicilios terán que proveerse **dun artigo axeitado para o seu transporte**, saída que terá que quedar debidamente **rexistrada** diariamente
17. Non utilizar **obxectos ou instrumentos puntiagudos** (bolígrafos, lapis ou rotuladores que poden danar a superficie analóxica-resistiva da **EDI**)
18. Non pegar **cinta adhesiva** sobre a superficie de escritura da **EDI (posible desprendemento do recubrimento exterior da mesma)**
19. Os alumnos non deben usar o EDI **sen permiso**

20. O feito de non aceptar estas normas ou de non as respetar trae consigo a restricción ou perda dos privilexios de acceso ó mesmo aos alumnos ABALAR

1.- ASIGNACIÓN DE PORTÁTILES

Cada alumno do centro recibirá ao incorporarse a 5º E.Primaria un portátil do que será responsable mentres estea matriculado no mesmo con independencia do momento no que fai a matrícula e ata que remate a súa permanencia no centro.

1.1.-Coidados básicos do portátil.

- a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
- b) Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.
- c) Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse collendoo pola base.
- d) Evitar a exposición do portátil ó sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.
- e) Está prohibido para os alumnos Abalar (6º Curso) sacar o equipo do Centro.
- f) O portátil terá que estar no carriño de transporte cando non se estea a utilizar e procurando que estea a cargar a batería.

1.2.-Avarías do portátil

Comúns

- a) Cando o portátil estea avariado, deberá seguirse a clase con outro compañeiro
- b) Cando ocorra unha incidencia co portátil o mestre deberá tramitar un parte de incidencias que se entregará ao coordinador ABALAR o cal, se procede, deberá entregar o documento ao Equipo Directivo para a súa tramitación disciplinaria e ao asesor ABALAR para a reparación do equipo

Debidas ao uso indebido

- a)Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo arbitraranse as medidas correctoras recollidas nesta normativa e no RRI do centro.
- b)Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ao uso indebido ou ao coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación no Proxecto Abalar.

1.3.-Responsabilidades derivadas do uso

Cada alumn@ é responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias nas que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:

- ❖ Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo RRI do centro. O vandalismo levará consigo a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación.

- ❖ Están prohibidos:
 - os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sancións disciplinarias que se contemplan no RRI do centro
- ❖ Ver ou transmitir material ilegal ou obsceno
- ❖ Revelar información persoal
- ❖ Trasladar o portátil ao recreo ou fóra do centro para os alumnos ABALAR e no caso dos alumnos EDIXGAL sempre debe quedar debidamente rexistrada a súa saída do centro

O PROFESORADO. ELEMENTOS DA AULA ABALAR

- Durante o tempo do recreo o videoproxector permanecerá apagado
- O profesorado non permitirá que o alumnado colla/deixe os portátiles pola súa conta.
- O profesorado que imparta a última clase do día debe asegurarse de que os equipos quedan no carro pechado dispostos para cargarse e que este está enchufado ao dispositivo electrónico previsto a tal efecto. Deberá así mesmo asegurarse de que aqueles alumnos que leven os Netbooks a casa o rexistren debidamente.
- O profesorado disporá dun documento no cal se relacionará cada alumno co número do equipo portátil que ten asignado.
- As conexións de internet están destinadas exclusivamente á busca de información educativa e á realización de actividades didácticas. En ningún caso se lle permitirá a navegación libre por internet
- O alumnado non debe usar o EDI sen permiso

DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O usuario/a ABALAR que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

O PORTÁTIL É UN INSTRUMENTO DE TRABALLO ESCOLAR Ó QUE SE TEN ACCESO POLO FEITO DE PARTICIPAR NO PROXECTO EDIXGAL/ABALAR. O ALUMNADO E OS SEUS PAIS OU TITORES LEGAIS ADMITEN DENDE UN PRINCIPIO AS NORMAS ESTABLECIDAS PARA O SEU USO E, QUE O INCUMPRIMENTO DAS MESMAS, PODE SER OBXECTO DALGÚN TIPO DE SANCIÓN.

AS SANCIÓNS QUE SE PODERÁN CONTEMPLAR, EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE DO INCUMPRIMENTO SON:

- RETIRADA DE PRIVILEXIOS DE UTILIZACIÓN DO PORTÁTIL (*ABALAR*).**
- RETIRADA DO PORTÁTIL POR UN TEMPO DETERMINADO (*ABALAR*).**
- INTERRUMPIR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNO NO PROXECTO (*ABALAR*).**
- CALQUERA OUTRA APROBADA POLO CONSELLO ESCOLAR E QUE SE INCLÚA NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CENTRO.**